



2016

**MEMORIA
CÁMARA
OFICIAL
MINEIRA DE
GALICIA**



CÁMARA OFICIAL
MINEIRA DE GALICIA

FOTOGRAFÍA DE PORTADA:

Canteira de áridos. Prebetong Áridos SLU.
Ponteareas (Pontevedra).

EDITA:

Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG)

Co apoio da Dirección Xeral de Enerxía
e Minas da Consellería de Economía,
Emprego e Industria.

Xunta de Galicia.

FOTOGRAFÍAS:

COMG, empresas membro, Borja Merino,
arquivo de Wikimedia Commons e Xunta
de Galicia.

DESEÑO E COORDINACIÓN: Bannister Global

DEP. LEGAL: C 1375-2016

DATOS DE CONTACTO:

Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG)

Juan Flórez 33-35, entreplanta esquerda
15004 A Coruña

Teléfono: 981 139 663

cmg@camaraminera.org

www.camaraminera.org



CÁMARA OFICIAL
MINEIRA DE GALICIA



ÍNDICE



Canteira de lousa. Europizarras SA. A Fonsagrada (Lugo).



Canteira de áridos.
Prebetong Áridos SLU. Lugo (Lugo).

1. CARTA DO PRESIDENTE	4
2. UN SECTOR ESTRATÉXICO	8
3. A CÁMARA	18
4. O EXERCICIO 2016	24
Representación	26
Defensa e asistencia técnica	32
Formación	52
Divulgación	54
Servizos e xestión	58

The background image shows a forest scene with tall, thin trees. In the foreground, there is a large, light-colored stone block with horizontal grooves, and a smaller, rougher stone block is stacked on top of it. A semi-transparent white hexagon with a thin black border is overlaid on the right side of the image, containing the text '01' and 'CARTA DO PRESIDENTE'.

01

**CARTA DO
PRESIDENTE**



CARTA DO PRESIDENTE



INTEGRACIÓN TERRITORIAL FRONTE Á EXCLUSIÓN

Dende tempos inmemoriais a economía galega caracterizouse pola súa estreita vinculación ao aproveitamento dos recursos naturais. A xenerosidade da nosa terra conformou o noso carácter, a nosa cultura e o noso patrimonio.

O desenvolvemento social e tecnolóxico, sobre o que se sustenta o noso benestar, unido ao crecemento da poboación deriva nun incremento da demanda de recursos naturais. Ao tempo de decatarnos da necesidade de minimizar o impacto e protexer o medio ambiente, a biodiversidade e a paisaxe, derivando nunha maior presión sobre o territorio, ao unir ao incremento da demanda de solo produtivo, a demanda, tamén crecente, de solo urbano e protexido polos seus valores ambientais.

Estamos a asistir a unha guerra entre os distintos usos do solo baseada na conquista, establecemento de fronteiras, submisión, e a instalación de trincheiras dende as que vivir

e atacar na procura de máis territorio. Producíndose un desterro sistemático do aproveitamento dos recursos xeolóxicos do ámbito rural, polo establecemento de ámbitos de conservación excluíntes, co seu consecuente despoboamento e abandono. Ademais de diminuír a competitividade das nosas empresas ao obrigar a importar as materias primas necesarias para a nosa industria, incrementando os custos de transporte e, de forma paradoxal, aumentando o impacto ambiental e o consumo de recursos asociado a este.

Porén, dende a Cámara cremos firmemente na compatibilidade de actividades, no aproveitamento de sinerxías e na xestión racional tanto dos recursos como do seu aproveitamento, para satisfacer a demanda e manter o desenvolvemento social para ao futuro. Apostamos pola integración fronte á exclusión, pola análise técnica, económica pero tamén social e ambiental de cada caso, fronte a limitacións xenéricas e



D. Juan de Dios Martín Aparicio
*Presidente da Cámara Oficial
Mineira de Galicia*

apriorísticas, amparadas na prevención pero baseadas no descoñecemento, os prexuízos ou, no peor dos casos, a indolencia.

Por iso centramos o noso labor na integración territorial, social e ambiental das actividades extractivas con accións como a xornada sobre as normas de minaría sustentables; a sinatura dun convenio de colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a participación, a través das nosas aportacións; na elaboración do documento estratéxico 'Galicia ante os retos do desenvolvemento sustentable: unha visión ao 2030 dos sectores empresariais'; do Regulamento da Lei do solo, do Catálogo das Paisaxes de Galicia; e a intervención en xornadas divulgativas e técnicas sobre rehabilitación ambiental das nosas actividades.

Ademais continuamos co desenvolvemento das nosas funcións como o mantemento do

Censo Catastral Mineiro, a defensa do sector ante os proxectos normativos como o Regulamento de Explosivos, e a formación preventiva de 456 traballadores.

Moitos son os retos que afrontamos e, desgraciadamente, poucos son os medios para conseguilos. Por iso necesitamos a participación activa e o apoio explícito dos membros que formamos a comunidade mineira galega. Cantos máis participemos, mellores serán as nosas capacidades e os nosos servizos.





02

UN SECTOR ESTRATÉGICO



UN SECTOR ESTRATÉGICO

A MINARÍA

Os recursos xeolóxicos son bens de dominio público que forman parte da riqueza nacional, constituíndose nas materias primas da maior parte da industria, a xeración de enerxía e a construción.

A investigación e aproveitamento dos recursos xeolóxicos está, na maioría dos casos, declarada de utilidade pública polo seu carácter estratéxico e o seu impacto na economía e o emprego. A execución destas actividades está encomendada á iniciativa privada, a través de concesións ou autorizacións, baixo a estrita supervisión e control da Administración.



Elaboración de granito. David Fernández Grande SL.



Explotación de cuarzo. Erimsa. Frades (A Coruña).



FASE DE INVESTIGACIÓN

A primeira fase dun proxecto mineiro sempre é a recompilación de información e ampliación do coñecemento xeolóxico da zona a investigar, ao obxecto de identificar e avaliar o recurso xeolóxico. Ademais de analizar a viabilidade técnica e económica do seu aproveitamento.



FASE DE APROVEITAMENTO

O concepto de aproveitamento engloba o conxunto de actividades destinadas á explotación, preparación, concentración ou beneficio dun recurso mineral. O aproveitamento dun recurso natural público distingue á minaría doutras actividades económicas.



FASE DE RESTAURACIÓN

Denomínase restauración á rehabilitación do espazo natural afectado tanto polas actividades extractivas como polas instalacións asociadas a estas, incluídos os residuos mineiros, executándose ao finalizar a actividade mineira ou, sempre que sexa posible, a medida que vai avanzando.

A restauración das zonas mineiras debe aspirar a dar ao terreo un valor de uso igual ou superior ao que tiña antes de iniciarse a actividade mi-

neira. Nalgúns casos pode renovarse o uso anterior, e outras veces dáse á terra un novo uso.


Os titulares das concesións ou autorizacións de explotación de recursos mineiros teñen a obriga de asegurar a execución da restauración do espazo natural afectado mediante o establecemento, ante a Administración, de garantías financeiras antes de comezar os labores de aproveitamento.

APROVEITAMENTO DOS PRODUTOS MINEIROS GALEGOS

Na actualidade, os recursos minerais son imprescindibles para numerosas actividades como a construción, as industrias automovilística, aeronáutica, aeroespacial e naval, a electrónica e a informática, a elaboración de vidro e de cerámica, a alimentación, a farmacia ou a agricultura, por poñer uns exemplos. Os minerais e os seus derivados están presentes na nosa vida cotiá de forma directa ou indirecta. De aí a importancia do sector mineiro, que vai máis aló dos meros intereses económicos, pois afecta notablemente a outras esferas, como as sociais.



Ponte de formigón.



PRINCIPALES DATOS DA MINARÍA GALEGA


Alén da súa relevancia económica, a minaría está presente en practicamente toda a actividade humana.

A importancia desta industria refórzase por ser provedora de materias primas de numerosos sectores empresariais básicos para a economía. De feito, segundo a Comisión Europea "o 70% da industria da UE depende da extracción de recursos naturais para xerar crecemento e emprego" o que se traduce en 30 millóns de empregos e 1,3 billóns de euros de valor engadido bruto ao ano.

Co granito a lousa e os áridos, como principais produtos mineiros, Galicia lidera os mercados na-

EMPREGO (DATOS 2014)

Total: 4.963 empregos directos



- Áridos
- Granito ornamental
- Outras rochas ornamentais
- Balnearios
- Cerámica
- Lousa ornamental
- Minerais industriais
- Augas embotelladas

SABIAS QUE?


O 93,68% da facturación corresponde a PEMEs

cionais e internacionais, con centos de explotacións e unha facturación aproximada que supera os 600 millóns de euros anuais. Desta forma, o sector mineiro ten un papel fundamental no tecido industrial galego, pola riqueza que representa e os postos de traballo que proporciona.

GALICIA É A 4ª COMUNIDADE ESPAÑOLA EN PRODUCCIÓN MINEIRA, POR DETRÁS DE ANDALUCÍA, CATALUÑA E CASTELA E LEÓN, CO 8,6% DA PRODUCCIÓN MINEIRA ESTATAL.

Nº DE EXPLOTACIÓNS

Total: 296 explotacións activas



O SECTOR EXTRACTIVO ACHEGA O 1,05% DO PIB.

AUGAS

GALICIA É LÍDER NO SUBSECTOR BALNEARIO CO **27%** DO MERCADO NACIONAL E O **17%** DA OFERTA.

LOUSA

GALICIA PRODUCIU **390.193** TONELADAS DE LOUSA ORNAMENTAL, O **55%** DO TOTAL ESPAÑOL,

NO ANO 2014, ESPAÑA EXPORTOU LOUSA POR UN VALOR DE **266** MILLÓNS DE EUROS, DOS CALES **192** MILLÓNS DE EUROS CORRESPONDEN A LOUSA GALEGA.

ÁRIDOS

EN GALICIA PRODÚCENSE **9.350.904** T/ANO E CADA GALEGO CONSUME DE MEDIA **9,3** KG/DÍA, INFERIOR Á MEDIA EUROPEA.

GRANITO

GALICIA É LÍDER INDISCUTIBLE NA PRODUCCIÓN DE GRANITO EN BRUTO DE ESPAÑA, REPRESENTANDO O **65%**

PRODUCCIÓN ANUAL DE GRANITO **423.157 T**

A EXPORTACIÓN É DE **113** MILLÓN DE EUROS TANTO DE GRANITO BRUTO COMO ELABORADO, QUE REPRESENTA EL **71,36%** DE LAS EXPORTACIONES ESPAÑOLAS.

CAOLÍN

GALICIA PRODUCIU **53.063** TONELADAS DE CAOLÍN LAVADO, O **16,3%** DO TOTAL ESPAÑOL.

CUARZO

GALICIA É LÍDER, EN ESPAÑA, NA PRODUCCIÓN E EXPORTACIÓN DE CUARZO. A PRODUCCIÓN FOI DE **593.091** TONELADAS, O **54%** DO TOTAL NACIONAL.

ARXILA

GALICIA PRODUCE **179.229** T/ANO.

RESTAURACIÓNS MINEIRAS GALEGAS Á VANGARDA DE EUROPA

LIGNITOS DE MEIRAMA. GAS NATURAL FENOSA

ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

O pasado 22 de novembro a xunta directiva da Cámara Oficial Mineira de Galicia tivo ocasión de comprobar de primeira man os excelentes resultados da transformación da antiga mina de lignito ao descuberto nun lago, cuxo proceso de enchido finalizou en maio deste ano.

A restauración realizada por Gas Natural FENOSA é unha das maiores actuacións de rehabilitación ambiental realizadas en España, e o primeiro lago artificial do mundo que, grazas á calidade das súas augas, poderá ser empregado como depósito sen tratamento intensivo previo para o abastecemento de auga potable dunha gran poboación, como é a da Coruña e a súa área de influencia.

A explotación en Meirama desenvolveuse de 1980 a 2008 e o seu primeiro plan de restauración data de 1985. Ante as alternativas de deixar o oco mineiro, enchelo con estériles ou crear un gran lago, optouse por esta última por considerala a máis sustentable. Comezou entón o proceso para a autorización administrativa e a rehabilitación, co selado do fondo. Hai que destacar a colaboración coas universidades galegas, que participaron con equipos de control de augas, tanto superficiais como profundas.

O proxecto contou cun investimento de 60 millóns de euros e consistiu na creación dun gran lago, de 2,2 km de lonxitude e un quilómetro de anchura (171 ha) no antigo oco da mina, que

contén 148 hm³ de auga de gran calidade. Así o proba o estrito control realizado en colaboración co Grupo de Enxeñaría da Auga e do Medio Ambiente da Universidade da Coruña, cun rexistro de máis de 494.000 datos ata o pasado maio.

INTEGRACIÓN NA CONTORNA

Ademais, o lago dispón dunha praia no extremo oeste en previsión dos usos futuros que poida regular a Administración Pública, dado que na actualidade o acceso está restrinxido por estar os terreos aínda afectados polo Dominio Público Mineiro. A empresa aposta así por que a rehabilitación ambiental de Meirama favoreza a integración da antiga explotación na contorna e supón un pulo para o desenvolvemento económico e turístico da zona.

O proxecto de restauración de Meirama permitiu a recuperación de 1.000 hectáreas de terreo, nas que tamén se plantaron 450.000 árbores de especies autóctonas, convertendo o lugar nun sumidoiro de CO₂. Creouse así un espazo idóneo para o desenvolvemento da biodiversidade, con 839 especies vexetais e animais inventariadas en 2015, algunhas delas de especial valor de conservación.

Meirama é un claro exemplo de minaría sustentable, á vez que un depósito de augas de boa calidade que permite novos usos.



Explotación de lignito restaurada.
Gas Natural Fenosa. Cerceda (A Coruña).



Graveira. Erimsa. Begonte (Lugo).

GRAVEIRA EN BEGONTE. ERIMSA

RECUPERACIÓN DUN HÁBITAT PROTEXIDO

As boas prácticas ambientais desenvolvidas por Erimsa na explotación de cuarzo situada no concello lucense de Begonte foron recoñecidas nos Premios Europeos de Desenvolvemento Sustentable, promovidos pola Unión Europea de Promotores de Áridos. O obxectivo dos galardóns é demostrar á sociedade que a industria europea dos áridos é compatible cos principios do desenvolvemento sustentable e está comprometida coa contorna na que opera.

A explotación de cuarzo foi seleccionada como candidata a estes premios a finais de 2015, ao recibir o Premio Nacional de Desenvolvemento Sustentable da Federación de Áridos, na categoría de boas prácticas ambientais. Xa en Bruxelas competiu con 40 proxectos internacionais que foron avaliados por un xurado independente integrado por profesionais de diversos países e entre os que estaba o director de SEO/Birdlife Europa.


INCREMENTO DO VALOR NATURAL

A restauración da Graveira de Begonte por parte de Erimsa permitiu a recuperación dun medio lagunar e a formación de novos bosques de

ribeira, o que favoreceu que a zona, declarada Lugar de Interese Comunitario (LIC), incrementase a protección ata a máis alta da Rede Natura e sexa considerada Zona de Especial Conservación. Alí poden observarse especies como o ánade real, o cullerete ou a cerceta común. En canto á vexetación, hai árbores de ribeira e especies endémicas atlánticas como o cardo de lagoa *Eryngium viviparum*.

Ademais, o proxecto de restauración ambiental representa o punto de partida para a posta en marcha do proxecto Begonte Natura-Ecoparque Lagoas de Riocaldo, co que Erimsa busca pór en valor a zona cun plan de dinamización de turismo sostible.

O obxectivo é promover Begonte como destino turístico ambiental, pola súa paisaxe, a variada biodiversidade e a riqueza da flora e da fauna no complexo da lagoa. E isto interrelacionado coa gastronomía, o patrimonio cultural, a artesanía, a cultura e os aloxamentos con encanto do lugar. Trátase tamén de fomentar o uso racional dos recursos naturais e a posta en valor do medio ambiente.



03

A CÁMARA



A CÁMARA

Os recursos xeolóxicos son bens de dominio público e a minaría, como conxunto de actividades destinadas á súa investigación e aproveitamento, está declarada, na maioría dos casos, de interese ou utilidade pública.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) é unha corporación de dereito público e un órgano consultivo dos poderes públicos, tutelada pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

Está formada por todas as persoas físicas ou xurídicas que realizan actividades destinadas á investigación e o aproveitamento dos recursos xeolóxicos, calquera que sexa a súa orixe ou estado físico, desde o coñecemento destes recursos naturais ata a súa posta en valor.

Representa o conxunto da minaría na nosa Comunidade, no que se inclúen os subsectores das augas minerais envasadas, os áridos, os balnearios, a cerámica, os produtos enerxéticos, os mi-

**FAVORECEMOS A POSTA
EN VALOR DUN RECURSO NATURAL,
PÚBLICO E INDISPENSABLE, PARA
BENEFICIO DA SOCIEDADE.**

nerais metálicos, o granito ornamental, a lousa e as rochas industriais.

Xuntando, baixo a mesma entidade, o interese público e os intereses particulares a prol dun mellor aproveitamento dos nosos recursos xeolóxicos, co obxectivo de maximizar o beneficio para o conxunto da sociedade.

Ademais de coa Administración mineira galega, a Cámara desenvolve as súas actividades en colaboración con moi diversos axentes: universidades (principalmente do sistema universitario de Galicia), colexios profesionais, asociacións sectoriais e outras empresas da comunidade mineira.

FUNCIÓNS PÚBLICAS

- Agrupar e representar os intereses mineiros
- Asesorar os poderes públicos
- Propoñer reformas lexislativas que contribúan ao fomento da minaría
- Subministrar informes ás autoridades e particulares que o soliciten
- Formar estatísticas mineiras
- Fomentar o ensino da minaría
- Facilitar a investigación de recursos e o desenvolvemento das actividades mineiras
- Crear e actualizar o Censo Catastral Mineiro de Galicia (CCMG).
- Atender a seguridade e salubridade das minas
- Crear bolsas de emprego mineiro
- Mediar e dirimir nos conflitos
- Exercer encomendas da Administración



Explotación de lignito en restauración. Endesa. As Pontes (A Coruña).



Cuberta de lousa. Europizarras SA.

MISIÓN

Fomentar o desenvolvemento da minaría.

MINARÍA SUSTENTABLE

Na actualidade o fomento da minaría non só depende do coñecemento dos recursos xeolóxicos nin dos avances tecnolóxicos nas técnicas de investigación dos xacementos ou na súa posta en valor. O desenvolvemento das actividades mineiras pasa cada día máis pola súa compatibilidade e integración con outros ámbitos, como o ambiental, territorial, urbanístico e social. Nesta liña, a nosa misión amplíase necesariamente a estes eidos e aos axentes que actúan neles.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) está comprometida cunha minaría eficiente e sustentable capaz de garantir a subministración dos produtos para satisfacer a súa demanda, a partir de:

- O aproveitamento racional, ordenado e eficiente do recurso. Fomentando a excelencia operativa e a aplicación das mellores técnicas dispoñibles e incrementando a seguridade xurídica.
- O respecto polo medio. Compatibilizando o aproveitamento de recursos minerais coa protección ambiental e outros intereses ou usos do solo.

- A integración territorial e urbanística, tanto das actividades extractivas como do posterior uso das infraestruturas xeradas.
- A responsabilidade social, principalmente no ámbito local e rexional. Mellorando a implicación do sector no desenvolvemento social, así como o seu coñecemento e imaxe social.
- A seguridade laboral. Minguando a sinistralidade laboral e a incidencia das enfermidades profesionais.

VISIÓN

Estamos comprometidos cunha minaría eficiente e sustentable: compatible co medio ambiente, integrada no territorio no que se atopa, responsable coa sociedade que a acolle, segura para as persoas que nela traballan e rendible economicamente.

SABÍAS QUE?

O desenvolvemento sustentable é *“o desenvolvemento que satisfai as necesidades da xeración presente sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades”*. Comisión Mundial do Medio Ambiente e do Desenvolvemento.

ÓRGANOS DE GOBERNO



ASEMBLEA

Órgano supremo de goberno e representación da Cámara. Formada polas persoas físicas ou xurídicas, que realicen actividades mineiras, incluída a restauración do espazo afectado e o tratamento de residuos mineiros, dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.



XUNTA DIRECTIVA

Órgano permanente de xestión, administración e proposta da Cámara. Formada por membros escollidos polo electorado da Cámara, clasificados en grupos e categorías, segundo determine a asemblea, de forma que teñan representación todos os intereses mineiros. Composta actualmente por:

PRESIDENTE

GENERAL DE HORMIGONES S.A.,
D. Juan de Dios Martín Aparicio.

VICEPRESIDENTE PRIMEIRO

DAVID FERNÁNDEZ GRANDE S.L.,
D. David Fernández Sanromán

VICEPRESIDENTE SEGUNDO

PASEK MINERALES S.A.,
D. Fernando Pla de la Rosa.

TESOUREIRO E CONTADOR

ASOCIACIÓN GALEGA DA
PROPIEDAD BALNEARIA
D. Benigno Amor Barreiro.

SECRETARIO XERAL

D. Diego López González.



COMITÉS DE TRABAJO

NORMATIVAS **INFORMACIÓN** **REFORMA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR**



EQUIPO DE XESTIÓN DA COMG

DIRECTOR XERENTE, D. Diego López González.

ADMINISTRACIÓN, D.ª Atocha Ramos Martínez.



Canteira de áridos. Prebetong Áridos SLU. Xove (Lugo).

O 30 de marzo de 2016 celebrouse a Xunta Xeral Ordinaria da COMG na que se aprobou, para a súa elevación ao órgano tutelar, o novo Regulamento para o Réxime Interior.

Ademais da aprobación das contas de 2015, do orzamento de 2016 e da xestión da Xunta Directiva, acordouse o establecemento dunha tarifa de prezos para a execución de servizos de carácter privado, e a celebración de convenios con entidades proveedoras que oferten os seus servizos aos socios electores e elixibles da COMG en condicións especiais.

A Cámara celebrou durante 2016 seis reunións ordinarias da Xunta Directiva:

- **26 de xaneiro de 2016**, Na que se ratificaron as propostas á Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo e o Convenio de colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
- **10 de marzo**. Na que se acordou a presentación de alegacións ao Regulamento da Lei do Solo e o Catalogo das Paisaxes de Galicia, e solicitude á Consellería de Economía Emprego e Industria da constitución do Censo Catastral Mineiro en Catastro Mineiro.
- **12 de maio**. Na que se aprobou a celebración dun convenio de colaboración con Norprevenición para o fomento da mellora continua das condicións de traballo no sector e a solicitude de reunión á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo co obxecto de presentarlle as alegacións do sector ao Borrador de Regulamento da Lei do Solo, e clarexar a tramitación a que se teñen que someter as Actividades Extractivas, para ao obtención das licenzas municipais.
- **14 de xullo**. Na que se aprobaron os informes ás observacións do Consello de Contas á fiscalización das subvencións e axudas concedidas pola Xunta de Galicia no período 2012-2013, as propostas aos procesos de participación pública das Directrices da Paisaxe e a Estratexia Galega de Sustentabilidade.
- **8 de setembro**. Tras un sentido homenaxe a D. Epifanio Campo, se aprobou a celebración da xornada sobre as normas de minaría sustentable, ademais da elaboración de varios informes xurídicos de interese para o sector.
- **22 de novembro**. Celebrada nas instalacións da antiga mina de Lignitos de Meirama, nesta xunta se aprobaron os actos de Santa Bárbara e se ratificaron os convenios de colaboracións coas organizacións de empresarios mineiros de ámbito nacional COMINROC e CONFEDEM.



The background image shows a large industrial facility, likely a magnesium processing plant. Several large, horizontal, rotating cylinders are visible, some of which are glowing with a bright orange-red light, indicating high temperatures. The structure is made of metal with a complex network of beams and supports. The lighting is dramatic, with strong highlights and deep shadows.

04

**0 EJERCICIO
2016**



O EXERCICIO 2016

1. REPRESENTACIÓN

Ademais do constante e estreito contacto coa Dirección Xeral de Enerxía e Minas, como Administración mineira e órgano tutelar da nosa Cámara, ao longo de 2016 mantivemos diversas xuntanzas con responsables institucionais, de ámbito autonómico e estatal, e asistimos a numerosos foros, xornadas e eventos.


O noso obxectivo é trasladar as necesidades e demandas do sector e outorgarlle a visibilidade que require, ao tempo de tender pontes de colaboración interinstitucional para mellorar o desenvolvemento da nosa actividade tanto en beneficio do sector como do conxunto da sociedade galega.

REPRESENTAMOS AO CONXUNTO DO SECTOR ANTE AS INSTITUCIÓNS E A SOCIEDADE XERAL.

REUNIÓN

Durante 2016 mantivemos **87 xuntanzas** con distintos responsables institucionais.

- Universidades
- Consellería de Economía, Emprego e Industria
- Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
- Empresas e particulares
- Outras entidades de carácter público



28/01/2016

ENTREGA DOS PREMIOS RSE GALICIA. Consellería de Economía, Emprego e Industria (Santiago).

04/03/2016

ENTREGA DOS PREMIOS GALICIA DE ENERXÍA. Asociación de Enxeñeiros Industriais de Galicia (Santiago).

17/03/2016

DÍA DAS ÁRBORES E OS ÁRIDOS. Paseo Minerais. (Cariño). Graveras Castro/Áridos Antelanos. (Xinzo de Limia).



O presidente da Deputación da Coruña, D. Valentín González Formoso, recibiu ao presidente da Cámara Mineira

OBRADOIRO DE DIRECTRICES DA PAISAXE

A Cámara Oficial Mineira de Galicia participou no obradoiro profesional para a elaboración das Directrices de Paisaxe, organizado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o 7 de abril.

A Escola Galega de Administración Pública acolleu esta iniciativa dirixida especificamente ás organizacións e sectores profesionais máis vinculados á xestión da paisaxe e, segundo sinala a organización, nos que terán “unha maior repercusión as Directrices de Paisaxe”. Trátase así de recoller a opinión dos diferentes sectores profesionais sobre a xestión actual da paisaxe no seu ámbito e as posibilidades de mellora da mesma, corrixindo unha das carencias, sinaladas pola COMG, do proceso de elaboración do Catálogo das Paisaxes de Galicia.

O obradoiro, promovido a través do Instituto de Estudos do Territorio, enmárcase no proceso de participación cidadá para a elaboración das Directrices de Paisaxe, un dos instrumentos establecidos pola Lei de Protección da Paisaxe de Galicia para a xestión e ordenación das paisaxes galegas.

DEPUTACIÓN DA CORUÑA

O presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Juan de Dios Martín Aparicio, e o director, D. Diego López, mantiveron en setembro unha xuntanza co presidente da Deputación da Coruña, D. Valentín González Formoso, co obxectivo de presentarlle a entidade cameral e estudar posibles vías de colaboración.

Nesta liña desde a Cámara Oficial Mineira de Galicia púxose de manifesto a súa disposición, como órgano consultivo da Administración especializado en minaría, para colaborar tanto co ente provincial como cos municipios da provincia coruñesa, especialmente con aqueles que acollen explotacións mineiras.

Outro dos temas abordados no encontro foi a necesidade de mellorar a imaxe da minaría na sociedade galega. Trátase así de evitar o receo e rexeitamento que provocan os novos proxectos de explotación nunha provincia que xa acolle casos de éxito en integración social, territorial e ambiental, como son os de Lignitos de Meirama en Cerceda, ou os de Endesa nas Pontes de García Rodríguez.

15/04/2016

FEIRA DA ENERXÍA DE GALICIA. (Silleda)

29/04/2016

ASEMBLEA ANUAL. ARIGAL (Santiago).

21/06/2016

XORNADA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DA ACTIVIDADE MINEIRO-METALÚRXICA. CONFEDM (Madrid)



FOROS PARA A ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

A Cámara Oficial Mineira de Galicia foi convidada a participar nos foros de debate e diálogo organizados pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para favorecer a participación pública na elaboración da Estratexia de Sustentabilidade Ambiental.



Presentación do Foro pola Conselleira D.ª Beatriz Mato.

Para Medio Ambiente, estes foros de diálogo e debate, representan unha oportunidade de intercambio de opinións e experiencias. O obxectivo é elaborar un borrador coas principais conclusións do proceso de participación pública da Estratexia de Sustentabilidade Ambiental.

ACORDOS PARA A PROMOCIÓN E DEFENSA DA MINARÍA

Ao longo do ano 2016 a Cámara Oficial Mineira de Galicia chegou a acordos de colaboración coa Confederación Nacional de Industrias Extractivas de Rocas y Minerales Industriales (COMINROC) e a Confederación de Empresarios de Minería y Metalurgia (CONFEDEM) co obxectivo de unir as súas forzas na promoción e defensa da minaría. Así se recolle en ambos os textos asinados polo Presidente da entidade cameral, D. Juan de Dios Martín Aparicio, e o seus homólogos nas organizacións empresariais, D. Carlos Monge Ganuzas, presidente de COMINROC, e D. Juan José Cerezuela Bonet, presidente de CONFEDEM.

O obxectivo destes acordos é avanzar na compatibilidade ambiental, na integración territorial e na mellora da seguridade e da saúde laboral, así como potenciar o prestixio social da actividade extractiva. Trátase de unir forzas en diversas materias relacionadas co desenvolvemento das actividades mineiras de maneira sustentable.

Para conseguir estas metas traballárase conxuntamente, tanto no eido estatal coma europeo, na defensa dos intereses do sector mineiro; no deseño e execución de accións de información, divulgación, formación e fomento das mellores prácticas dispoñibles; e na creación e valoración de anteproxectos legislativos, así como no seu desenvolvemento normativo.

Tamén co obxectivo de darlle visibilidade ao sector mineiro galego somos membros de entidades como o International Committee for the Conservation of the Industrial Heritage (TICCIH), que vela pola conservación do patrimonio industrial e posúe unha área dedicada ao sector mineiro, e da Sociedad Española para la Defensa del Patrimonio Geológico y Minero (SEDPGYM).



01/07/2016

XORNADA SOBRE A ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

01/07/2016

OBRADOIRO CASOS PRÁCTICOS DE XEOTERMIA. ACLUXEGA (Santiago)

08/07/2016

ACTO DE GRADUACIÓN DAS TITULACIÓNS DA E.T.S.E. MINAS. E.T.S. ETSE de Minas (Vigo)

EVENTOS

I FEIRA DA ENERXÍA DE GALICIA

O recinto feiral de Silleda acolleu en abril a I Feira da Enerxía de Galicia, na que houbo unha importante representación do sector mineiro enerxético galego.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia apoiou a iniciativa coa asistencia dos seus representantes e a participación no Encontro dos clústeres da enerxía de Galicia e na posterior visita guiada á área expositiva.

O Director Xeral de Enerxía e Minas, D. Ángel Bernardo Tahoces, durante o seu percorrido pola feira, detívose no expositor de Gas Natural

Fenosa para eloxiar a restauración ambiental da mina de Meirama.

O Encontro dos clústeres da enerxía de Galicia serviu para reunir os tres clústeres galegos do sector con máis de 40 dos seus asociados. Nel participaron os presidentes do Clúster Galego do Autoconsumo, D. José Manuel González Illán; do Clúster de Enerxías Renovables de Galicia, D. José Ramón Franco Caaveiro; e da Asociación Clúster da Xeotermia Galega, D. Santiago López-Guerra Román. Todos eles déronlle a benvinda ás empresas presentes na feira e coincidiron na importancia do traballo conxunto para seguir potenciando o sector.



O Director Xeral de Enerxía e Minas, D. Ángel Bernardo Tahoces, ante a rehabilitación da mina de Meirama.

18/08/2016

PRESENTACIÓN DO CONVENIO CLÚSTER DA AUGA MINERAL E TERMAL DE GALICIA – CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. Clúster da Auga Mineral e Termal de Galicia (Lugo)

12/09/2016

I XORNADA SOBRE BASES TOPOGRÁFICAS E CARTOGRÁFICAS: PRODUCCIÓN E DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN XEOGRÁFICA A NIVEL NACIONAL, AUTONÓMICO E LOCAL. Ilustre Colexio Oficial de Enxeñería Xeimática e Topográfica. (A Coruña)



Firma do Convenio entre a Consellería de Economía e o Clúster da Auga Mineral e Termal de Galicia.

CONVENIO ENTRE O CLÚSTER DA AUGA MINERAL E TERMAL DE GALICIA E A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

O Clúster de Auga Mineral e Termal de Galicia e a Consellería de Economía, Emprego e Industria asinaron o pasado 18 de agosto no Balneario de Lugo-Termas Romanas un convenio de colaboración, en cuxa presentación participaron o presidente do Clúster, D. Antonio Garaloces; e o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, D. Francisco Conde; á que tamén asistiron a delegada da Xunta en Lugo, Dña. Raquel Arias; o vicepresidente do Clúster, D. José Manuel García;

e o presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Juan de Dios Martín, entre outros directivos de balnearios e augas envasadas.

O obxecto do convenio é, por unha banda, procurar a creación, desenvolvemento e implantación dunha marca distintiva das augas minerais de Galicia con intención de diferenciar e pór en valor o recurso. E por outra, desenvolver novas funcionalidades para a web Terras da Auga.

OBRADOIRO 'CASOS PRÁCTICOS DE XEOTERMIA'

O presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Juan de Dios Martín Aparicio, asistiu en xullo en Santiago ao obradoiro Casos prácticos de xeotermia, convidado pola Asociación Clúster da Xeotermia de Galicia (Acluxega). O encontro, no que se avaliaron as posibilidades e vantaxes desta fonte de enerxía renovable, foi inaugurado polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria, D. Francisco Conde, e o presidente de Acluxega, D. Santiago López Guerra.

XORNADA TÉCNICA SOBRE CEMENTOS CON ESCOURA GRANULADA DE FORNO ALTO NA UDC

A Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos da Universidade da Coruña acolleu o 24 de novembro a Xornada técnica sobre cementos con escoura granulada de forno alto, sustentables, durables e estéticos. O encontro estivo organizado pola empresa Cementos Tudela Veguín, e a ela asistiron o presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Juan de Dios Martín Aparicio, e o director, D. Diego López.

13/09/2016

GALA 25 ANIVERSARIO. Instituto Tecnolóxico de Galicia (A Coruña)

19/09/2016

REUNIÓN COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA. D. Valentín González.

19/10/2016

SINATURA DO CONVENIO CON COMINROC

03/11/2016

PREMIOS GALEGOS DO ANO 2016. El Correo Gallego (Santiago)

GRADUACIÓN NA ETSE DE MINAS

Un total de 115 titulados da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas da Universidade de Vigo festexaron en xullo a súa graduación nun acto ao que asistiron o presidente e o director da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Juan de Dios Martín Aparicio e D. Diego López. No evento participaron a secretaria xeral da Universidade de Vigo, D.ª Gloria Pena; o al-

calde de Vigo, D. Abel Caballero; o delegado da Xunta en Vigo, D. Ignacio Chaves; o presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia, D. Atanasio José Peña; e o decano-presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste, D. Juan José Fernández; ademais da directora da Escola, D.ª Natalia Caparrini.



Acto de graduación.



Día das Árbores, os Áridos e a Biodiversidade, organizado por Arigal.



NOVENA EDICIÓN DO DÍA DAS ÁRBORES, OS ÁRIDOS E A BIODIVERSIDADE

Un cento de escolares galegos participaron nas actividades da novena edición do Día das árbores, os áridos e a biodiversidade, organizado pola Asociación Galega de Áridos (ARIGAL) nos concellos ourensáns de Vilar de Santos e Sandiás e nos coruñeses de Cariño e Mañón. A actividade central desta xornada, que pretende difundir entre os nenos e a sociedade

a cultura de restauración de territorios, a recuperación ambiental das zonas de extracción e a filosofía de minaría responsable defendida por ARIGAL, foi a plantación de 190 árbores nos grixedos e canteiras participantes para visibilizar a implicación do sector galego dos áridos co mantemento e mellora dos ecosistemas naturais.

23/11/2016

REUNIÓN CO SEPRONA. D. Javier Medela

24/11/2016

XORNADA Técnica "CEMENTOS CON ESCOURA GRANULADA DE FORNO ALTO". E.T.S.I Camiños, Canles e Portos (A Coruña)

24/11/2016


GALA PREMIOS DE MEDIO AMBIENTE APROEMA. Aproema (Santiago)

2. DEFENSA E ASISTENCIA TÉCNICA


CONSULTAS

No exercicio das nosas funcións públicas atendemos as consultas puntuais formuladas tanto polos nosos socios como pola Administración, empresas, particulares ou entidades, sobre diversos temas relacionados co sector. No ano 2016 atendéronse un total de 179 consultas.

CONSULTAS (por solicitante)




CONSULTAS (por tema)



Ademais, emitíronse un total de 33 documentos, tanto internos como destinados a distintas entidades, previa solicitude ou por iniciativa propia.

ALEGACIÓNS, INFORMES, DITAMES (por documento)



ALEGACIÓNS, INFORMES, DITAMES (por destinatario)



A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, D.^a Beatriz Mato, e o Presidente da Cámara.

CONVENIO COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG), como órgano consultivo da Administración, asinaron un convenio de colaboración para a realización e promoción de diversas accións que permitan mellorar a compatibilidade ambiental e a integración territorial das actividades extractivas. O convenio, asinado pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, D.^a Beatriz Mato, e o presidente da COMG, D. Juan de Dios Martín, terá una duración de dous anos.

Os dous representantes marcáronse diversos obxectivos, entre os que destacou o de compartir información, datos e informes relativos á compatibilidade ambiental e territorial das actividades extractivas.

O departamento autonómico, xunto coa COMG, tamén deseñará accións de información e fomentará mellores prácticas entre as actividades mineiras no referido á protección do medio ambiente e da paisaxe, tanto na fase de investigación, como na de aproveitamento

do recurso e posterior rehabilitación do espazo afectado.

Ademais, acordaron colaborar na análise, seguimento e inspección da incidencia e riscos ambientais xerados polas actividades mineiras, así como no establecemento de garantías ou medidas de minimización ou compensación.

Por último, cómpre destacar o compromiso de colaboración entre a Consellería e a Cámara na resolución de conflitos entre o interese mineiro e outros intereses públicos, como o ambiental, paisaxístico ou urbanístico; e de fomento do uso das mellores técnicas dispoñibles para incrementar a sustentabilidade das actividades extractivas.

Neste contexto enmárcanse as reunións mantidas cos diferentes responsables da Consellería: o secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, D. Justo de Benito; a directora do Instituto de Estudos do Territorio, D.^a Inés Santé; e a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, D.^a Encarnación Rivas Díaz.

2.1. COMPATIBILIDADE AMBIENTAL

A minaría, como toda actividade desenvolvida polo ser humano, produce alteracións no medio. A sensibilidade crecente do empresariado, das administracións e do conxunto da sociedade polo desenvolvemento sustentable está a potenciar os esforzos para minimizar o impacto da actividade mineira na contorna natural.

Dende a COMG apostamos pola colaboración fluída coa Administración, colexios profesio-

nais, asociacións sectoriais, empresas e institucións que permita avanzar na sustentabilidade ambiental.

COMPROMETIDOS COA PROTECCIÓN DO MEDIO

GALICIA ANTE OS RETOS DO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE: UNHA VISIÓN O 2030

A Cámara Oficial Mineira de Galicia participou na enquisa 'Galicia ante os retos do desenvolvemento sustentable: unha visión o 2030 dos sectores empresariais', promovida pola Xunta de Galicia e na que participaron empresas de todos os sectores produtivos galegos.

O obxectivo do obradoiro de traballo foi facilitar á Administración unha visión mas ampla de como pode Galicia afrontar os retos do desenvolvemento sustentable, recollendo propostas e ideas desde a visión das empresas así como recoller iniciativas que poidan poñer en valor a capacidade das empresas galegas para poder aportar solucións aos problemas globais do desenvolvemento sustentable.

Desde a nosa perspectiva, en Galicia debemos mellorar o coñecemento tanto dos nosos recursos como dos impactos reais que xeran as actividades económicas sobre o medio. Resulta necesario dispor de parámetros estandarizados

que permitan coñecer o impacto real dunha actividade, así como a comparación entre actividades para facilitar a toma de decisión tanto por parte da Administración como das empresas..

En relación co cambio climático, a Cámara propón minimizar o transporte reducindo a distancia entre os centros produtivos e os centros de consumo. Incentivar o uso de materiais tradicionais e autóctonos na construción, por exemplo, pode favorecer o crecemento económico minimizando as emisións.

O aproveitamento das infraestruturas creadas polas actividades extractivas pode contribuír de xeito importante a:

- Mellorar a xestión da auga, como é o caso de o lago da antiga mina de Meirama.
- A conservación da biodiversidade. Exemplos como o entulleira da mina de As Pontes, a



Explotación de arxila restaurada. Centro de Interpretación Brañas de Valga. Mesía (A Coruña).

contorna da mina de Meirama, ou a Graveira de Begonte evidencian a contribución do sector mineiro á recuperación e conservación da biodiversidade.

- Diminuír o impacto do tratamento de residuos aproveitando as instalacións e infraestruturas mineiras como centros de reciclaxe, recuperación, valorización e depósito de residuos non mineiros, como pode ser o fomento do tratamento de residuos de construción e demolición nas explotacións de áridos, para a súa valorización como árido reciclado.

Un dos principais retos que afrontamos é a correcta xestión dos recursos naturais ante o aumento da demanda global, tanto polo incremento da poboación como dos avances tecnolóxicos.

Galicia ten un importante potencial de materias primas minerais de elevada demanda para a industria e difícil abastecemento segundo a Comisión Europea. O aproveitamento destes recursos, ademais do impacto económico

directo coa xeración de riqueza e emprego, pode actuar de efecto tractor de novas industrias, como sucedeu en O Porriño e Valdeorras coas empresas de transformación de granito e lousa respectivamente.

En relación co abastecemento das materias primas, a Cámara propón medidas concretas:

- Incrementar o coñecemento dos recursos naturais de Galicia, en particular dos recursos minerais, incentivando a investigación.
- Consideración de factores económicos e produtivos na planificación territorial e urbanística.
- Mellorar o acceso ao terreo e ao recurso. Establecemento dun marco normativo que facilite a implantación de novas explotacións compatibles coa protección de medio ambiente e integradas social e territorialmente.
- Fomentar a implantación de industrias que pechen a cadea de valor dos recursos existentes en Galicia.

22/01/2016

XORNADA RECUPERACIÓN DE CANTEIRAS. Deputación de Lugo (Guitiriz).

22/01/2016

REUNIÓN COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. D.ª Beatriz Mato e D. Justo de Benito

22/02/2016

APOIO Á CANDIDATURA DE ERIMSA AOS PREMIOS DA UEPG.

15/07/2016

GALICIA ANTE OS RETOS DO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE: UNHA VISIÓN, O 2030. Consellería de Medio Ambiente e OT (Vigo).

20/07/2016

REUNIÓN COA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL. D. Justo de Benito.

21/11/2016

RECOÑECIMENTO ÁS BOAS PRÁCTICAS DE ERIMSA POLA UEPG



XORNADA SOBRE RECUPERACIÓN DE CANTEIRAS


A Cámara Oficial Mineira de Galicia participou en xaneiro na Xornada sobre recuperación de canteras organizada pola Deputación de Lugo e a Asociación Galega de Custodia do Territorio. O presidente do ente cameral, D. Juan de Dios Martín, participou na presentación do evento, desenvolvido en Guitiriz, xunto á alcaldesa desta localidade, Dña. Regina Polín, e a deputada provincial da área de Medio Ambiente, Dña. Sonsoles López. López. Todos eles insistiron na relevancia da recuperación ambiental das explotacións mineiras.

Un dos relatores da xornada foi o director da Cámara, D. Diego López, quen lle puxo o peche

ao encontro abordando o marco normativo que rexe as restauracións mineiras e analizando distintos casos de éxito desenvolvidos en Galicia. Ademais dos coñecidos casos dos lagos de As Pontes e Meirama, analizáronse outros nos que a restauración mineira deu pé á recuperación de hábitats protexidos, como o da recentemente premiada graxeira de Begonte; á construción de infraestruturas industriais, como a Plataforma Loxística e Industrial Salvaterra - As Neves (PLISAN); á implantación de zonas de uso agrícola, gandeiro ou forestal, como as explotacións de cuarzo en Mesía; ou cotos de pesca, como a restauración dunha explotación de arxila en Valga.



Xornada sobre recuperación de canteras. Guitiriz (Lugo).



Canteira de granito ornamental. FOTOS ARM

2.2. INTEGRACIÓN TERRITORIAL

A integración territorial da actividade extractiva é outra das nosas máis firmes apostas e un dos nosos compromisos na defensa do sector mineiro galego. En cada un dos nosos informes ao respecto insistimos na singularidade do recurso mineiro e na súa especial vinculación ao territorio: a súa situación está determinada pola natureza sen que haxa posibilidade de modificación, agás mediante a súa explotación. Porén, é frecuente que sobre un mesmo espazo xeográfico se proxecten distintas actividades ou usos do solo. Nestes casos, consideramos que a única solución é aplicar a doutrina do Tribunal Constitucional do caso a caso para ponderar a compatibilidade dos usos e, no caso de incompatibilidade, determinar cal debe prevalecer.

Pero a planificación territorial non se debe restrinxir a prever o acceso ao recurso mineiro e á compatibilización de usos. A minaría pode

COMPATIBILIZANDO USOS E ACHEGANDO SOLUCIÓNS

resolver necesidades alleas á demanda de materias primas para a construción, a industria e a enerxía. As estruturas que xera a actividade poden solucionar necesidades propias da nosa sociedade, e deberían ser tidas en conta na planificación territorial. Así vemos como en Galicia temos exemplos nos que as estruturas xeradas pola minaría contribúen á valorización de residuos, mediante o uso de lodos de depuradora ou RCDs na rehabilitación ambiental de espazos mineiros; a cubrir a demanda de solo industrial ao abastecemento de auga potable, a través do aproveitamento dos ocos como encoros; e incluso á xeración de espazos de protección ambiental ou para o uso lúdico.

REGULAMENTO DA LEI DO SOLO

O Regulamento aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro, afonda nos aspectos máis urbanísticos da Lei, e non supón novidades relevantes con respecto á ordenación do territorio, usos e actividades en solo rústico. Porén, o texto tampouco aborda algunha das dúbidas interpretativas que puidera xerar a Lei.

Durante a súa tramitación, sinalamos a necesidade de clarear a determinación dos tipos de solo, para os que a Lei mantén unhas definicións excesivamente amplas. A determinación da protección, na maioría dos casos, establecerase segundo o catálogo de zonas que determine o

órgano competente, o que, tendo en conta a eliminación da consulta previa ao Rexistro Mineiro, pode xerar conflitos entre distintos usos ou intereses e a minaría, en caso de confluencia.

A este respecto cómpre sinalar que o dominio mineiro é o único dominio público que non ten protección urbanística, co risco de quedar relegado polos outros valores si protexidos.

CONCURRENCIA ENTRE PROTECCIÓNS

Outro aspecto que precisa de maior concreción é a resolución da concurrencia entre varias pro-



O Presidente da Cámara, coa Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

teccións. Para a Cámara faise necesaria, pois, a introdución dalgún artigo que regule o procedemento para complementar as diferentes categorías e usos, a compatibilidade entre uns e outros e, no caso de incompatibilidade, cal debe prevalecer e a maneira de dirimir o conflito.

Consideramos que se debe engadir a actividade ou riqueza mineira no apartado correspondente á produtividade dos solos dos Plans Xerais de Ordenación Municipal (PXOMs). Do mesmo xeito, débese engadir a idea de que o réxime de usos quede condicionado á obtención de informes favorables dos órganos sectoriais competentes, tal e como sinala a Lei, para evitar que estas determinacións dependan do criterio subxectivo dos redactores do plan.

LEXISLACIÓN SECTORIAL

Para a coordinación coas lexislacións sectoriais, a Lei establece a necesidade de autorización ou informe positivo do órgano sectorial. A Lei de Ordenación da Minaría de Galicia esixe o informe de gran parte dos órganos competentes nas proteccións establecidas. O regulamento da Lei do Solo debería recoller esta circunstancia ao obxecto de evitar dúbidas interpretativas. Neste senso solicitouse a constitución do Censo en Catastro Mineiro, como catálogo do tipo aos

que alude a Lei para outros ámbitos a protexer e novamente a consulta previa ao rexistro mineiro ou ao catastro na tramitación dos instrumentos de planificación.

PRESENTACIÓN DAS NOSAS PROPOSTAS

O presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Juan de Dios Martín Aparicio, e o director, D. Diego López, mantiveron en maio un encontro coa secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, D.ª Encarnación Rivas, para trasladar-lle as propostas do sector sobre o regulamento da Lei do Solo e analizar as achegas ao documento.

No encontro a secretaria xeral reiterou o sometemento das actividades extractivas ao réxime de comunicación previa, así como a adaptación dos PXOM ao réxime de usos establecido na Lei para os distintos tipos de solo. Ademais, transmitiu a aposta da Lei por potenciar a explotación racional dos recursos naturais, como é o caso dos mineiros.

Nesta liña insistiu no cambio de regulación dos usos, un aspecto no que a nova norma establece que a autorización dependerá do órgano sectorial correspondente, por ser o que mellor tutela os seus valores e tendo en conta os principios de especificidade.

22/01/2016

REUNIÓN COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. D.ª Beatriz Mato e D. Justo de Benito

01/03/2016

PRESENTACIÓN DO CATÁLOGO GALEGO PAISAXE. Instituto de Estudos do Territorio (Santiago).

14/03/2016

XORNADA TÉCNICA: A NOVA LEI 2/2016 DO SOLO DE GALICIA. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Santiago).

29/03/2016


REUNIÓN CO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO. D.ª Inés Santé

07/04/2016

OBRADEIRO PROFESIONAL PARA A ELABORACIÓN DAS DIRECTRICES DE PAISAXE DE GALICIA. Instituto de Estudos do Territorio (Santiago).

11/04/2016

ALEGACIÓNS DO SECTOR MINEIRO AO CATÁLOGO DAS PAISAXES DE GALICIA. Instituto de Estudos do Territorio.



CATÁLOGO DAS PAISAXES DE GALICIA

O Catálogo das Paisaxes de Galicia é un documento de referencia que delimita e identifica as áreas paisaxísticas de Galicia. Enmárcase na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, que establece tamén como instrumentos para a protección da paisaxe as directrices da paisaxe, os estudos de impacto e integración paisaxística e os plans de acción da paisaxe en áreas protexidas.

O texto, de carácter técnico, inclúe a identificación dos tipos de paisaxe, a delimitación das unidades de paisaxe, o inventario dos valores paisaxísticos, a análise das causas e o estado actual das paisaxes e a delimitación das Áreas de Especial Interese Paisaxística (AEIP).

Este Catálogo identifica 211 AEIP ás que se suman os 92 espazos de interese paisaxístico delimitados polo Plan de Ordenación do Litoral de Galicia. Tamén se engaden os ámbitos clasificados como solo rústico de especial protección paisaxística nos plans xerais de ordenación municipal que entren en vigor con posterioridade á do catálogo, conforme a Lei do solo e logo de informe favorable do organismo competente en materia de paisaxe; as paisaxes protexidas declaradas conforme ás leis de conservación da natureza e do patrimonio natural e da biodiversidade; e os ámbitos que delimiten os instrumentos de ordenación do territorio, segundo a lexislación nesta materia.

29/04/2016

ENQUISA DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PARA A ELABORACIÓN DAS DIRECTRICES DE PAISAXE. Instituto de Estudos do Territorio.

26/05/2016

Reunión coa SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO. D.ª Encarnación Rivas.

26/05/2016

ALEGACIÓNS DO SECTOR MINEIRO AO ANTEPROXECTO DE REGULAMENTO DA LEI DO SOLO. Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (CMAOT)

ÁREAS DE ESPECIAL ATENCIÓN PAISAXÍSTICA

Canto ás Áreas de Especial Atención Paisaxística, o catálogo aprobado mantén, contra o criterio da Cámara, as actividades extractivas como terceira causa de alteración da paisaxe, con 66 puntos localizados, por detrás do urbanismo e das liñas de alta tensión e parques eólicos. Porén, recoñece "o feito de que estas zonas poden e deben ser recuperadas e restauradas, existindo mesmo nalgúns casos a posibilidade de crear unha nova contorna de gran valor natural e paisaxístico, como pode ser o caso do lago mineiro das Pontes ou das areeiras da Limia".

Ademais de informar individualmente aos membros afectados, a Cámara puxo a disposición destes unha web de acceso público onde se poden ver as capas das Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) e puntos de degradación paisaxística, así como os dereitos mineiros existentes en Galicia, co obxecto de facilitar o contraste da información e determinar o grao de afección das AEIP e os puntos de degradación a cada un dos dereitos mineiros.

En defensa do sector presentamos as alegacións á proposta de Catálogo de paisaxes de Galicia. Nelas apostouse pola ponderación caso a caso, a prol da compatibilización e integración da actividade extractiva na paisaxe, e solicitouse a participación do sector na elaboración do documento, ademais de demandar que se eviten as medidas ou instrumentos que con carácter xeral limiten a actividade mineira.

Nas alegacións solicitouse tamén o respecto ás condicións nas que foron outorgados os dereitos mineiros vixentes, evitando novas restricións que supoñan a privación dos dereitos adquiridos. Na súa aposta pola integración da



Explotación de lignito. Endesa. As Pontes.

minaría na paisaxe, a Cámara baseouse, entre outros factores, na temporalidade do impacto da actividade extractiva e na obriga de rehabilitación do espazo afectado, asegurando a súa execución a través de garantías financeiras.

Ademais, argumentouse que o sometemento á avaliación de impacto ambiental das actividades extractivas e os controis efectuados ao longo de toda a vida da explotación mineira garanten a protección ambiental e paisaxística.

Por outra banda, a Cámara insistiu na inclusión no panel de expertos de personalidades de recoñecido prestixio no ámbito dos recursos xeolóxicos e do seu aproveitamento ante a relevancia da actividade extractiva na economía e como valor de uso na xestión da paisaxe, tal e como se sinalaba no documento presentado polo Instituto de Estudos do Territorio. A este respecto a Cámara nomeou ao director, D. Diego López, e a D. Aníbal Gil Bueno como interlocutores no proceso de participación para a elaboración das Directrices de paisaxe de Galicia, que, fronte ao Catálogo, si terán contido normativo.

O que foi responsable da restauración da mina das Pontes, D. Aníbal Gil Bueno, accedeu a colaborar e a asesorar á Cámara nesta tarefa dados os seus coñecementos e experiencia na materia, amplamente recoñecida na comunidade científica.

04/07/2016

REUNIÓN CO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO. D.ª Inés Santé

15/07/2016

PROPOSTAS SECTOR MINEIRO ÁS DIRECTRICES DA PAISAXE. Instituto de Estudos do Territorio

27/07/2016

XORNADA DIÁLOGOS COA PAISAXE CONSTRUÍDA. Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (CMAOT) (Santiago)



Aproveitamento de augas mineiro-medicinais e termais. Balneario Termas Romanas. Lugo (Lugo).

04/10/2016

REUNIÓN CO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO.
D. Alfredo Fernández Ríos.

22/01/2016


CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO.
Dª Beatriz Mato e D. Justo de Benito

REVISIÓN DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN TERRITORIAL E URBANÍSTICA

Dentro dos labores de integración territorial exercidos pola Cámara está a revisión dos instrumentos de ordenación territorial en defensa dos dereitos mineiros existentes e o seu respecto e consideración en ditos instrumentos. Durante este ano revisamos 134 instrumentos de ordenación do territorio, así como a afección

dos proxectos eólicos. Ademais de informar aos membros afectados, presentáronse alegacións a aqueles que tivesen incidencia no sector mineiro de xeito global, ou en dereitos mineiros concretos, coma nos casos dos Plans Xerais de Ordenación Municipal de Vilariño de Conso, Baños de Molgas ou Vilar de Santos.

REVISIÓN DE INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN E PLANIFICACIÓN



01/03/2016

PRESENTACIÓN DO CATALOGO GALEGO PAISAXE.
Instituto de Estudos do Territorio (Santiago).

14/03/2016

XORNADA TÉCNICA: A NOVA LEI 2/2016 DO SOLO DE GALICIA.
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Santiago).

29/03/2016

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO.
Dª Inés Santé

2.3. SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

O noso compromiso pola seguridade e a saúde laboral dos traballadores do sector mineiro levounos xa en 2010 a poñer en marcha o Observatorio da Seguridade Mineira, creado co apoio da Consellería de Economía e Industria e coa colaboración do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

A través desta ferramenta analizamos e avaliamos os datos de sinistralidade, así como a súa evolución temporal para definir a casuística e causalidade da sinistralidade laboral e das enfermidades profesionais.

Tamén elaboramos estudos e informes en materia de seguridade e saúde mineira para informar e sensibilizar ao sector sobre as

prácticas preventivas axeitadas en función da problemática observada. E asesoramos á Administración e aos empresarios do sector na elaboración, seguimento e avaliación das medidas de seguridade.

Todo co obxectivo final de diminuír a sinistralidade e mellorar as condicións de seguridade e salubridade das explotacións mineiras galegas.

A ESPECIALIZACIÓN E A FORMACIÓN, CHAVES PARA REDUCIR A SINISTRALIDADE LABORAL.

CONVENIO CON NORPREVENCIÓN PARA MELLORAR A ACCIÓN PREVENTIVA NO SECTOR MINEIRO

O presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Juan de Dios Martín Aparicio, e o conselleiro delegado de Norprevención, D. José Antonio Grandío Cabo, asinaron o 20 de xuño un convenio marco de colaboración que ten como obxectivo mellorar a implantación e a xestión das actividades preventivas no sector mineiro. Trátase así de contribuír á mellora das condicións de traballo e dos niveis de seguridade e saúde dos traballadores da minaría en Galicia.

A iniciativa enmárcase no obxectivo da Cámara Oficial Mineira de Galicia de promover a cultura preventiva e a mellora continua nas condicións de traballo, no marco da súa función pública de

“atender con preferente coidado á seguridade e salubridade das minas fomentando a prevención dos riscos laborais e propoñendo as reformas que a práctica aconselle”.



Momento da firma do convenio.



Canteira de áridos. Lista Granit SA. Arteixo (A Coruña).

OBRADOIROS PARA AVANZAR NA PREVENCIÓN DA SILICOSE

O Instituto Nacional de Silicose (INS), co apoio do Ministerio de Industria, Energía y Turismo e a colaboración da COMG, organizou obradoiros participativos coa lenda Cara a unha actividade sen risco por sílice, que no caso de Galicia tiveron lugar nos concellos de Sobradelo de Valdeorras e de Santiago de Compostela en novembro.

Neste último a COMG participou cun relatorio a cargo do noso director, D. Diego López, sobre a exposición ao po dos traballadores das industrias extractivas e a aplicación da ITC 02.0.02. Destacouse a falta de concreción na normativa de referencia, o que provoca heteroxeneidade na documentación presentada que dificulta a súa análise; dispersión da información que prexudica o seguimento das políticas e accións

preventivas desenvolvidas cos traballadores, así como unha deficiente descrición das condicións de traballo. Esta realidade repercute nunha mala xestión dos recursos destinados á prevención de riscos, tal e como amosa o gran número de medicións realizadas en postos de baixa exposición.

Destacamos tamén a baixa especialización dos servizos de prevención en materia mineira. Nesta liña insistiu no alto grao de responsabilidade destes servizos no éxito da aplicación das medidas preventivas, no control e seguimento das condicións de traballo, nas medicións de po e na vixilancia da saúde dos traballadores, así como na elaboración dos documentos de seguridade e saúde.

15/02/2016

REUNIÓN COA SUBDIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS.
D.ª María Coutinho.

23/06/2016

FIRMA CONVENIO NORPREVENCIÓN

29/06/2016

REUNIÓN COA AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS.
D. Luis Menor Pérez

BAIXA CONCENTRACIÓN E EXPOSICIÓN

O estudo realizado pola COMG mostra tamén baixos niveis de concentración de po e sílice libre, cun baixo nivel de exposición dos traballadores do sector mineiro. Así, o 97,63% das medicións presentan valores de Fracción Respirable de Po que están por baixo do 50% do Valor Límite Admisible de Exposición Diaria (VLAED), situado en 3 mg/m³. Mentres, o 80,22% das medicións presentan valores de concentración de sílice libre por baixo do 50% do VLAED, é dicir, menos de 0,1 mg/m³.

Os obradoiros nacen do convencemento de que, a pesar dos avances realizados nos últimos anos, existe marxe de mellora no control do risco por exposición á sílice cristalina respirable e de que só se pode lograr coa unión de esforzos.

Trátase así de crear o foro axeitado para debates abertos e construtivos que permitan apuntar os aspectos nos que se deberá incidir para orientar a actividade mineira cara a un control axeitado do risco.



Intervencións no Obradoiro para Avanzar na Prevención da Silicose. Santiago de Compostela (A Coruña).

21/10/2016

INFORME SINIESTRALIDADE NO SECTOR DOS ÁRIDOS EN GALICIA.

29/11/2016

OBRADOIRO PARTICIPATIVO. CARA A UNHA ACTIVIDADE SEN RISCO POR SÍLICE. INS (Santiago)



Canteira de áridos. Prebetong Áridos SLU. Lugo (Lugo).

ACTUACIÓNS ANTE EMERXENCIAS NAS EXPLOTACIÓNS MINEIRAS SUBTERRÁNEAS

O acordo de colaboración en materia de protección civil e xestión de emerxencias asinado pola Xunta de Galicia e o Goberno do Principado de Asturias pode contribuír a mellorar as actuacións ante emerxencias na minaría subterránea. Segundo se concretou no encontro mantido o pasado 29 de xuño entre o director xeral de Emerxencias e Interior, D. Luís Menor, e a Brigada de Salvamento Minero de Asturias, a iniciativa da Mina de San Finx, no que tamén estiveron presentes representantes da Cámara Oficial Mineira de Galicia.

Na xuntanza acordouse iniciar o desenvolvemento dun protocolo que facilite a mobilización da Brigada de Salvamento Minero para rescates e intervencións en actividades mineiras subterráneas en Galicia.

A presenza da Cámara no encontro representa un achegamento entre dúas entidades histó-

ricas, con sinerxías evidentes, que pode supor futuras colaboracións.

A Brigada de Salvamento Minero de Asturias naceu no ano 1912 para unificar as pequenas brigadas de cada empresa mineira e dotalas de mellores medios a favor dunha maior eficacia. Para o desempeño das súas funcións, orientadas especialmente á minaría subterránea, conta cunha estación central, situada xunto ás instalacións do Pozo Fondón, en Sama de Langreo (Asturias).

A Brigada de Salvamento Minero de Asturias é a única do Estado que dispón dos medios, recursos, formación e experiencia para facer fronte a este tipo de intervencións. O desenvolvemento do protocolo vai supor un avance e mellora na resposta en caso de accidente en actividades mineiras subterráneas ou en túneles.

SUBDIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

A subdirectora xeral de Relacións Laborais, D.ª María Coutinho, como coordinadora do grupo de traballo do Borrador da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2016-2020, recibiu en febreiro aos responsables da Cámara Oficial Mineira de Galicia para abordar as pro-

postas de mellora do sector ao citado documento, elaboradas a finais do ano anterior. Unha das cuestións especialmente valoradas pola subdirectora xeral foi a necesidade de dotar economicamente ao Observatorio de Seguridade Mineira, do que se reivindicou a súa relevancia.



2.4. VALORIZACIÓN DOS RECURSOS XEOLÓXICOS

Dende a Cámara, como órgano consultivo e de referencia na minaría galega contribuímos a facilitar a posta en valor dos recursos naturais xeolóxicos. A axilización das tramitacións, a unificación de criterios na interpretación da normativa, a divulgación das novidades lexislativas e as iniciativas tanto europeas como nacionais, unido ao incremento e transferencia do coñecemento e ao fomento e divulgación das mellores técnicas dispoñibles son parte de

nosos obxectivos para facilitar o desenvolvemento da minaría e mellorar a execución das súas actividades.

**AXILIZAR AS TRAMITACIÓNS
E FOMENTAR O USO DAS
MELLORES PRÁCTICAS.**

ACTUALIZACIÓN DO CENSO CATASTRAL MINEIRO

Ao longo do ano, co apoio da Consellería de Economía, Emprego e Industria, desenvolveuse un proceso de actualización e contraste da información contida no Censo Catastral Mineiro de Galicia. Ademais se implantaron novas funcionalidades e capas de informa-

ción, que permitirán mellorar o acceso, análise e uso da información relativa aos dereitos mineiros existentes en Galicia, como a incorporación do servizo de fotografía histórica do PNOA ou a publicación dun servizo WMS.

22/01/2016

REUNIÓN COA DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS. D. Angel Bernardo Tahoces e D.ª María José Mijares Coto

03/02/2016

REUNIÓN COA AMTEGA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA. D.ª María José García.

11/02/2016

REUNIÓN COA DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS. D. Angel Bernardo Tahoces

ALEGACIÓNS AO BORRADOR DE REGULAMENTO DE EXPLOSIVOS

A consecuencia da aprobación da Directiva 2014/28/UE do Parlamento europeo e do Consello, relativa á harmonización das lexislacións dos Estados membros en materia de comercialización e control de explosivos con fins civís, o Ministerio de Industria, Energía y Turismo, elaborou un borrador de Regulamento de Explosivos, que nos remitiu a consulta dentro do trámite de audiencia. Este borrador, ademais de traspoñer a directiva europea, leva *"a cabo unha revisión completa e exhaustiva do regulamento vixente, en vigor desde o ano 1998, adaptándoo ao progreso tecnolóxico e á administración electrónica."*

O borrador de regulamento integra aspectos de seguridade industrial e laboral, nas actividades que regula, e cidadana na fabricación, distribución, almacenamento e uso de explo-

sivos civís, regulando as obrigas dos requisitos de trazabilidade e as fabricas móbiles de explosivos, como principais novidades. Tamén se establecen os requirimentos das entidades para desenvolver actividades formativas, para o transporte interior de explosivos e recomendacións para a súa destrución de explosivos, se modifican os requirimentos para a obtención do carné de artilleiro e para o deseño de depósitos subterráneos, ademais de regular a figura de auxiliar de artilleiro.

As nosas aportacións foron na liña de axilizar as tramitacións e eliminar ambigüidades, sen menoscabo da seguridade, incrementando as tramitacións electrónicas e eliminando requirimentos que poden entorpecer a operativa sen aportar valor nin incrementar a seguridade no manexo e consumo de explosivos civís.

14/03/2016

REUNIÓN COA DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS. D. Angel Bernardo Tahoces.

27/05/2016

REUNIÓN COA DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS. D. Angel Bernardo Tahoces.

21/06/2016

ALEGACIÓNS AO PROXECTO DE REGULAMENTO DE EXPLOSIVOS. Subdirección General de Minas. Ministerio de Industria, Energía y Turismo.



Coloquio da xornada.

XORNADA SOBRE XESTIÓN MINEIRA SUSTENTABLE

O 22 de setembro, en Santiago de Compostela, reunimos a numerosos expertos nun encontro centrado na implantación, desenvolvemento e éxitos de aplicación das normas UNE 22470:2015 e 22480:2015, de xestión mineira sustentable.

Trátase de normativa pioneira a nivel mundial, en cuxa elaboración e revisión participou a COMG, que permite o establecemento de obxectivos de mellora continua e o seguimento e control de indicadores de sustentabilidade, mediante un sistema de xestión certificable que axuda ás empresas a mellorar as súas prácticas. Ademais permite trasladar á sociedade e aos axentes implicados os esforzos realizados e os obxectivos conseguidos a favor dunha minaría sustentable.

O encontro comezou coa intervención de D. Daniel Massó, coordinador de Coñecemento da Dirección de Normalización de AENOR, quen fixo unha introdución ao proceso de normalización. Seguido de D. Vicente Gutiérrez, presidente do subcomité AEN/CTN22/SC3 Xestión mineira sustentable, que elaborou as normas, e vicepresidente de CONFEDM, que analizou as

distintas iniciativas internacionais no ámbito da xestión mineira sustentable, destacando que as normas UNE son *"as únicas que definen indicadores cuantitativos, permitindo un control externo con posibilidade de comparación, mellorando os esquemas internos"* e outorgando ao sector a ferramenta para trasladar á Administración e á sociedade o seu compromiso e actuacións no ámbito da sustentabilidade.

Pola súa banda, o responsable de Calidade e Medio Ambiente de Soil Recovery, D. Agustín Calle, e o consultor senior de Minaría do Grupo Soil D. José M^a Sánchez, abordaron os fundamentos da revisión e aplicación práctica das normas.

En canto aos exemplos de implementación, D. Juan Martín Moreno, responsable de Mellora Continua e Sistemas de Xestión de First Quantum Minerals, mostrou o caso de Cobre Las Cruces, en Huelva. Mentres, D. Roberto González, responsable de Explotación de activos mineiros da Unidade de operacións de recursos naturais de Gas Natural Fenosa, afondou no proxecto de rehabilitación de Lignitos de Meirama, como exemplo galego de xestión mineira sustentable.

Posteriormente, o secretario xeral de COMINROC, D. César Luaces, presentou a guía de relacións co contorno social e o presidente de CONFEDM, D. Juan José Cerezuela Bonet, falou das oportunidades que pode representar o sector para o desenvolvemento social e a xeración de riqueza.

A sesión rematou cun coloquio no que participou a directora da ETS de Enxeñeiros de Minas da Universidade de Vigo, D.^a Natalia Caparrini, o decano do Colexio de Enxeñeiros de Minas do Noroeste, D. Juan José Fernández; o decano do Colexio de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia, D. Atanasio Peña; e o delegado en Galicia do Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos, D. Pablo Nuñez.

Nas conclusións da xornada, o sector mineiro galego sinalou de maneira unánime a sustentabilidade como obxectivo irrenunciable para seguir sendo un dos alicerces da economía galega, reivindicando os casos de éxito das empresas mineiras en Galicia na integración social e ambiental.

Ademais, púxose de manifesto a necesidade de pór en valor a rede de coñecemento existente en Galicia, grazas especialmente á Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas de Vigo e tamén aos numerosos profesionais relacionados co sector e representados polos colexios profesionais.

Pechou o encontro o Director Xeral de Enerxía e Minas, D. Ángel Bernardo Tahoces, sinalando que a minaría pode desenvolverse cando goza de integración ambiental, territorial, urbanística e social. *"Se esta actividade integrada se produce, estamos ante minaría sustentable"*, afirmou. *"Esta é a única pola que aposta a Xunta, tal e como dixeron o Presidente e o Conselleiro, ao que engado que a minaría sustentable é a única posible"*.

O encontro organizado pola Cámara Oficial Mineira de Galicia, ao que acudiron máis de 150 asistentes, mostrou a unidade do sector mineiro respecto ao seu compromiso coa sustentabilidade. Destacou a colaboración do Instituto Xeolóxico e Mineiro de España, de importantes entidades representativas do sector mineiro de ámbito nacional e autonómico, a Confederación Nacional de Empresarios de Minaría e Metalurgia (CONFEDM); a Confederación de Industrias Extractivas de Rocas e Minerais Industriais (COMINROC); a Asociación Galega de Áridos; a Agrupación Empresarial Innovadora Termal de Galicia (AEITEGAL); Balnearios de Galicia; a Asociación Provincial de Graniteiros de Ourense; os colexios profesionais vencellados ao sector (Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste de España, Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia e Ilustre Colexio oficial de Xeólogos), e da ETS de Enxeñeiros de Minas da Universidade de Vigo.



O Director Xeral de Enerxía e Minas, D. Ángel Bernardo Tahoces, na apertura da xornada.

20/07/2016

REUNIÓN COA DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS. D. Ángel Bernardo Tahoces.

19/08/2016

REUNIÓN COA DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS. D. Ángel Bernardo Tahoces.

14/09/2016

REUNIÓN COA SUBDIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS MINERAIS. D.^a María José Mijares.

22/09/2016

XORNADA SOBRE A UNE DE XESTIÓN MINEIRA SOSTIBLE. Cámara Oficial Mineira de Galicia (Santiago)

03/10/2016

REUNIÓN COA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA - DELEGACIÓN CORUÑA. D. Juan José Iglesias

04/10/2016

REUNIÓN COA SUBDIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS MINERAIS. D.^a María José Mijares.

3. FORMACIÓN

No marco da nosa función de fomentar o ensino da minaría apostamos por potenciar a mellor cualificación dos profesionais do sector, tanto a través da formación regulada como de accións formativas puntuais que garantan unha constante actualización dos coñecementos precisos para desenvolver cada labor coas máximas garantías.

Así, mantemos unha estreita colaboración coas universidades galegas e, en especial, coa Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas de Vigo. Tamén desenvolvemos e apoiamos accións de formación dirixidas aos traballado-

MELLORANDO A FORMACIÓN GARANTIMOS O FUTURO.

res do sector mineiro, especialmente no ámbito da prevención.

Trátase así de conseguir que os nosos profesionais teñan a capacitación precisa para satisfacer as necesidades das empresas e, en xeral, dunha actividade capaz de adaptarse ás esixencias dos novos tempos.

CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS LABORAIS

O presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Juan de Dios Martín Aparicio, e o reitor da Universidade de Vigo, D. Salustiano Mato, asinaron un acordo de colaboración que lle permitirá ao alumnado desta universidade realizar prácticas laborais na entidade cameral.

A iniciativa enmárcase no compromiso da Cámara Oficial Mineira de Galicia co fomento do ensino da minaría. Neste marco de acción, a entidade mantén unha estreita colaboración coas universidades galegas e, en especial, coa de Vigo, por ser a única que imparte a titulación de Enxeñaría de Minas en Galicia.

REALIDADE LABORAL

O obxectivo é permitir aos alumnos completar a súa formación e achegarse á realidade laboral. Para o seguimento do seu traballo disporá dun titor na Cámara que deberá supervisalo e facilitarlle a información e os medios precisos para desenvolver o seu labor. Este titor deberá tamén emitir un informe final avaliando diversos aspectos, como a capacidade técnica, de aprendizaxe, de adaptación ou a responsabilidade, entre outros.

O estudante terá tamén un titor académico designado pola Universidade de Vigo, que estará permanentemente informado da evolución das prácticas e a quen se lle remitirá o informe final.

27/01/2016

REUNIÓN DA COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE. ETSE de Minas (Vigo)

11/05/2016

REUNIÓN DA COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE. ETSE de Minas (Vigo)

27/05/2016

ACTUALIZACIÓN FORMACIÓN PREVENTIVA PARA OPERARIO MAQUINARIA DE TRANSPORTE (ET 2000-1-08) - As Pontes

CURSOS DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA OS TRABALLADORES DO SECTOR

A Cámara Oficial Mineira de Galicia impartiu neste ano, co apoio do Ministerio de Industria, Energía y Turismo, un total de 26 cursos de seguridade e saúde para os traballadores do sector. A meirande parte deles (16) enmárcanse no programa de formación preventiva para o desempeño do posto de traballo regulada pola ITC 02.1.02 (Orde ITC/1316/2008) e as especificacións técnicas que a desenvolven, e teñen carácter obrigatorio. Os oito restantes forman parte do programa de formación complementaria sobre riscos de seguridade, hixiénicos e ergonómicos.

FORMACIÓN PREVENTIVA

Os cursos de formación preventiva para o desempeño do posto de traballo regulados pola

ITC 02.1.02 dirixíronse a operarios de maquinaria de transporte, de arranque, a persoal de investigación, perforación, corte e voadura, e de plantas e oficinas. Impartíronse tanto cursos iniciais de vinte horas, como de actualización de coñecementos de cinco horas, formando a un total de 332 traballadores.


RISCOS DE SEGURIDADE, HIXIÉNICOS E ERGONÓMICOS

Por outra banda, os cursos de formación sobre riscos de seguridade, hixiénicos e ergonómicos centráronse na protección dos traballadores contra o po, o ruído e os riscos asociados ás operacións de mantemento e instalacións eléctricas, ademais de formación en primeiros auxilios, formando a un total de 124 traballadores.


SEDES DOS CURSOS



EVOLUCIÓN NÚMERO DE ALUMNOS



EVOLUCIÓN NÚMERO DE CURSOS



27/05/2016

ACTUALIZACIÓN FORMACIÓN PREVENTIVA PARA OPERARIO MAQUINARIA DE TRANSPORTE (ET 2000-1-08) - Ourense

27/05/2016

ACTUALIZACIÓN FORMACIÓN PREVENTIVA PARA OPERARIO MAQUINARIA DE ARRANQUE (ET 2001-1-08) - O Porriño

03/06/2016

FORMACIÓN PREVENTIVA PARA OPERARIO MAQUINARIA DE TRANSPORTE (ET 2000-1-08) - As Pontes

POÑENDO EN VALOR A CONTRIBUCIÓN DO SECTOR Á SOCIEDADE.



Explotación de magnesita. Magesitas de Rubián SA. O Incio (Lugo).

4. DIVULGACIÓN

Un dos principais retos marcados pola actual Xunta Directiva e, de xeito especial, polo noso presidente é a promoción social da minaría galega en xeral e da nosa Cámara en particular. Neste marco de acción, unha das primeiras medidas

adoptadas foi a creación, en 2014, do Comité de Información, formado por doce membros co labor de definir as medidas a prol da promoción social do sector e de supervisar as actuacións de divulgación e información.

SEMANA DA CIENCIA NA ETSE DE MINAS DE VIGO

A Semana da Ciencia desenvolvida pola Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas da Universidade de Vigo resultou finalista do certame Ciencia en Acción.

A ETSE de Minas de Vigo vén desenvolvendo a Semana da Ciencia dende o ano 2007, con visitas guiadas polas instalacións e a disposición de pequenos espazos de aprendizaxe e divulgación, a xeito de museo interactivo. As actividades, dirixidas polos propios estudan-

tes, buscan que os visitantes, especialmente o alumnado de Bacharelato, coñezan a realidade das investigacións que se realizan na escola e a relevancia dos recursos mineiros para a sociedade.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia é colaboradora habitual do evento coa doazón de material divulgativo e xa en 2014 recoñeceu esta iniciativa co premio Santa Bárbara na modalidade de comunicación.

CADA PERSOA CONSUME AO DÍA
0,62 KG DE MINERAIS METÁLICOS
0,29 DE MINERAIS INDUSTRIAIS
5,55 KG DE MINERAIS ENERXÉTICOS

CHARLAS CIENTÍFICAS DE DIVULGACIÓN

A minaría protagonizou o 27 de maio a sesión organizada por Divulgación, Asociación Galega de Comunicación de Cultura Científica e Tecnolóxica no marco do ciclo Escépticos no pub. Charlas de ciencia nun bar. A entidade convidou ao enxeñeiro de minas e director da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Diego López, a explicar a relevancia da minaría na sociedade actual.

Co título **Minaría: pasado ou futuro?**, D. Diego López centrou a súa intervención en desterrar falsas crenzas que xeraron unha imaxe anacrónica da actividade extractiva na sociedade actual. Así fronte á idea dunha minaría altamente contaminante e insegura, propia de países subdesenvolvidos, o director trasladoulles aos asistentes a realidade dunha minaría moderna e sustentable, imprescindible para o desenvolvemento da humanidade e que representa unha oportunidade de futuro para o benestar social e a economía do país.

CONSUMO

Os recursos mineiros constitúen a materia prima da práctica totalidade dos produtos da industria, da enerxía e da construción, estando presentes tanto en utensilios de uso cotiá como en aparellos de última tecnoloxía.

A nivel mundial, nos últimos 30 anos incrementouse o consumo destes produtos en máis dun 80%, sendo especialmente significativo no caso dos minerais metálicos, nos que practicamente se triplicou.

PRODUCCIÓN E EMPREGO

Segundo a información do Ministerio de Industria, Energía y Turismo, a minaría sumaba en 2013 un total de 29.705 postos de traballo directos e máis de 3.200 millóns de euros de valor de produción no conxunto do Estado. Galicia representaba o 8% da produción mineira española e proporcionaba, incluíndo as augas minerais, 6.770 empregos.

Respecto á sinistralidade, o sector presenta uns índices de incidencia inferiores a outros sectores como a pesca, a construción e a industria, cun descenso continuado entre 2008 e 2011 do 47%, superior á media autonómica, o 32%

A última parte da exposición centrouse na sustentabilidade, con exemplos de restauracións de éxito que permitiron novos aproveitamentos de antigos espazos mineiros, como os casos de As Pontes, Meirama ou Begonte, entre outros.

SABÍAS QUE?

En 1984 a minaría metálica en Galicia empregaba a 1.200 persoas e achegaba ao PIB 163 millóns de euros grazas a 8 explotacións que extraían ferro, cobre, chumbo, zinc, estaño e wolframio, o que supoñería o 0,4% do PIB galego de 2013.





Os galardoados con premios Santa Bárbara.

CELEBRACIÓN DE SANTA BÁRBARA

A comunidade mineira galega reuniuse o 2 de decembro en Santiago de Compostela para festexar a súa patroa, Santa Bárbara, cunha ampla representación institucional e empresarial, entre os que figuraban o director xeral de Enerxía e Minas, D. Ángel Bernardo Tahoces, e a secretaria xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, D.ª M.ª Cruz Ferreira Costa.

Convocados pola Cámara Oficial Mineira de Galicia, os asistentes compartiron un xantar no Hotel Monumento San Francisco, que culminou coa entrega dos premios Santa Bárbara ao alcalde de Quiroga, D. Julio Álvarez, quen recibiu o galardón Comunicación polo labor desenvolvido no Museo Xeolóxico Municipal deste concello lugués; e a D. Jacobo Campo, quen recolleu o premio Traxectoria no nome do seu pai, o emblemático empresario D. Epifanio Campo, finado o pasado agosto.

OFRENDA AO APÓSTOLO

A xornada festiva comezou coa asistencia á misa do peregrino, onde o presidente da Cámara, D. Juan de Dios Martín Aparicio, realizou a tradicional ofrenda ao Apóstolo Santiago, pregándolle apoio para o sector mineiro galego.

Posteriormente, os asistentes á celebración puideron saudarse e intercambiar impresións no tempo no que se serviron petiscos no patio de

cristal do Hotel Monumento San Francisco, para logo pasar ao xantar.

O acto de entrega dos premios Santa Bárbara abriuse cun breve saúdo de D. Juan de Dios Martín Aparicio, quen deu paso á lectura da acta, a cargo do director e secretario da Cámara e secretario do xurado, D. Diego López.

AGRADECIMENTO DOS PREMIADOS

O alcalde D. Julio Álvarez recibiu o galardón, consistente nunha figura de Sargadelos de Santa Bárbara e un diploma acreditativo, de mans de D. Ángel Bernardo Tahoces. Nas súas palabras, o rexedor municipal dedicoulle o recoñecemento á bisbarra de Quiroga e agradeceu o labor desenvolvido polo catedrático D. Juan Ramón Vidal Romaní e por D.ª Aurora Grandal, ambos docentes na Universidade da Coruña, na creación do Museo Xeolóxico Municipal premiado. Para finalizar, desexoulle moitos éxitos á Cámara Oficial Mineira de Galicia.

Pola súa banda, D. Jacobo Campo recolleu o galardón a título póstumo a D. Epifanio Campo de mans de D. Juan de Dios Martín Aparicio e agradeceu o recoñecemento no nome da familia e do seu pai, quen *"sempre defendeu o labor desenvolvido pola Cámara"*, como seguirán facendo, segundo afirmou, porque *"cremos na minaría e cremos que é fundamental para a sociedade"*.

A MINARÍA, INDISPENSABLE NA SOCIEDADE

O Director Xeral de Enerxía e Minas, D. Ángel Bernardo Tahoces, pechou o evento cunha reflexión sobre que acontecería nunha sociedade na que non existise a minaría e que, segundo sinalou, sería *"unha sociedade espida, mal alimentada, illada e sen teito"*. Neste senso lanzoulle unha mensaxe aos profesionais, empresarios e traballadores do sector mineiro: *"Debemos sentirnos orgullosos do que somos e facemos"*. *"Somos unha peza indispensable da sociedade"*, engadiu.

Con respecto aos premiados, tivo palabras de recoñecemento a D. Epifanio Campo, e destacou ao Museo Xeolóxico Municipal de Quiroga



O presidente da Cámara realiza a ofrenda ao Apóstolo durante a misa do peregrino.

como unha iniciativa *"digna de recoñecemento e admiración"*. *"É unha aula temática e didáctica e testemuña viva de como se formou Galicia"*, sinalou.

WEB

Unha das nosas principais vías para dar o a coñecer o noso labor e información de interese para o sector, tanto a nivel interno como externo, represéntao a nosa páxina web www.camaraminera.org. Conscientes disto, a nosa xunta directiva marcouse entre os seus retos o reforzo desta importante canle divulgativa apostando pola dinamización dos seus contidos.

Porén, a nosa intención é seguir potenciando a nosa web, como a mellor ventá do que facemos e das novidades que se producen no noso sector e que son de interese para os socios e para todas as persoas interesadas en achegarse á nosa realidade.

VISITAS WEB

Total	Visitantes distintos	Número de visitas	Páxinas
2016	104.819	243.392	1.175.369
2015	172.112	613.776	4.823.952
2014	32.285	78.189	687.366
2013	33.408	61.961	688.257
2012	33.028	47.735	707.529
2011	29.550	39.486	586.061

MEDIOS

O mantemento dunha relación fluída cos medios de comunicación é outra das nosas liñas de acción a prol da divulgación e promoción social do sector.

En 2016 houbo 59 impactos en prensa e radio nos que figuraba a nosa entidade, a meirande deles a partir de comunicados difundidos polo noso gabinete, triplicando a cifra do ano anterior. En canto ás demandas de información, xestionouse un total de nove solicitudes de datos ou valoracións por parte de medios de comunicación. Cómpre salientar que o sector obtivo un total de 3.711 impactos nos medios.

5. SERVIZOS E XESTIÓN

XESTIÓN

APROBACIÓN DO REGULAMENTO PARA O RÉXIME INTERIOR DA CÁMARA

A Cámara Oficial Mineira de Galicia conta cun novo Regulamento para o Réxime Interior, tras a aprobación da xunta xeral e a súa remisión ao órgano tutelar, sen ter recibido emenda algunha dentro dos prazos legalmente establecidos. Co obxectivo de actualizar a anterior norma, aprobada en 2007, en base á evolución da lexislación de cámaras, como normas de referencia, e mellorar a representatividade dos distintos axentes do sector mineiro, ademais de incrementar a participación dos socios.

Os primeiros artigos recollen as funcións e a adscrición á Cámara. Na súa dobre vertente público-privada corresponde a COMG o exercicio das funcións de carácter público-administrativo legalmente atribuídas; a xestión de servizos públicos ou a realización de cometidos e funcións que se lle asignen, encomenden ou deleguen; e a prestación de servizos aos seus socios.

Así, no artigo 6 especifícanse as funcións públicas competencia da Cámara, como a de órgano consultivo dos poderes públicos; a expedición de certificacións, valoracións e peritaxes; o fomento do desenvolvemento da industria mineira e do ensino da minaría; a creación de bolsas de traballo; e a elaboración e actualización do censo mineiro, entre outras.

A consideración dos socios pasa a concretarse no novo artigo 12, de adscrición. Nel apúntase que son socios da COMG as persoas e empresas que realicen actividades mineiras en Galicia, incluídas as restauracións e o tratamento de residuos mineiros. Ademais, as persoas e empresas que realicen actividades relacionadas coa minaría poderán adquirir voluntariamente a condición de socios, aínda que non estean suxeitas á lexislación mineira. Como no regulamento anterior serán os socios electores e elixibles aqueles que participen no sostemento da entidade.

XUNTA DIRECTIVA

Canto á xunta directiva, que pasa a definirse no artigo 21 como o órgano permanente de xestión, administración e proposta da Cámara, queda establecida nun número de membros que non pode ser inferior a 10 nin superior a 40 e que serán elixidos mediante sufraxio libre e segredo entre todo o electorado da Cámara.

Ademais, as vogalías da xunta directiva clasifícanse en grupos e categorías determinados pola Asemblea e a súa estrutura e composición revisárase e actualizarase antes de cada período electoral. Cada categoría disporá dun mínimo dunha vogalía, ao obxecto de garantir a representación de todos os axentes que forman o sector mineiro.

26/01/2016
XUNTA DIRECTIVA

18/02/2016
COMITÉ DE REFORMA
DO REGULAMENTO
PARA O RÉXIME
ANTERIOR

18/02/2016
COMITÉ DE
NORMATIVAS

10/03/2016
XUNTA DIRECTIVA



Celebración de Xunta Xeral Ordinaria.

Para o próximo período electoral estableceuse un máximo de cinco vogalías por categoría, asíñándose o número de vogalías por categoría de xeito proporcional ao número de socios electores e elixibles por cada categoría, maximizando o número de representantes por cada unha. A excepción está na vogalía de Investigación, que terá unha única vogalía. A estas súmanse as vogalías correspondentes aos vogais cooperantes.

RÉXIME ELECTORAL

O réxime electoral modifícase substancialmente ao obxecto de garantir a transparencia e

facilitar a participación. Habilitase o voto electrónico e por correo, ademais de establecer a constitución dunha xunta electoral, coa participación da Administración, que supervisará o proceso.

RÉXIME ECONÓMICO

No que se refire ao réxime económico, as novidades céntranse nas cotas de sostemento que serán fixadas anualmente pola asemblea na contía necesaria para cubrir o orzamento de gastos.

TRANSPARENCIA. FISCALIZACIÓN DE CONTAS

Como corporación de dereito público e órgano consultivo da Administración pertencente ao sector público autonómico estamos sometidos á fiscalización da nosa xestión económica e financeira por parte do consello de contas.

A iniciativa de someter as nosas contas a supervisión pon de manifesto o noso compromiso e o do noso órgano tutelar, a Administración

mineira galega, coa transparencia na xestión. Durante o ano 2016 someteuse a auditoría a execución do convenio para o mantemento do Censo Catastral Mineiro do ano 2014, por parte da Consellería de Facenda, e as subvencións outorgadas a COMG durante o ano 2012, froito da fiscalización das contas da Consellería de Economía, Emprego e Industria por parte do consello de contas.

30/03/2016
XUNTA XERAL ORDINARIA

31/03/2016
INFORME DE CONTAS 2015 E
ORZAMENTO 2016. Dirección
Xeral de Enerxía e Minas
(Consellería de Economía,
Emprego e Industria) e
Subdirección Xeral de Recursos

Minerais (Consellería de
Economía, Emprego e Industria).

14/04/2016
FIRMA CONVENIO ATRAZEX

Ademais dos servizos de información e asistencia técnica a demanda, dispomos de servizos de carácter periódico para os nosos membros.

DOSSIER DE PRENSA

En 2016 continuamos con envío diario dun resumo de prensa que recolle todas as noticias relacionadas co noso sector publicadas nos medios escritos de Galicia e do Estado, tanto de información xeral como específica de economía.

Deste xeito os nosos membros dispoñen dende primeira hora dunha ampla panorámica informativa da actualidade do sector, que permite, en caso necesario, unha rápida reacción ás novas que se producen.

O número de dossieres de prensa difundidos foi de 362, con máis de 3.700 novas, o que supón unha media de 10 novas ao día.

DOSSIER NORMATIVO

Trátase de recompilacións semanais de todas as normas publicadas no Boletín do Estado, no Diario Oficial de Galicia e nos Boletíns Oficiais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Durante 2016 emitíronse un total de 50.

AXENDA

Tamen con carácter semanal remitimos unha compilación dos cursos, xornadas e eventos de interese. En 2016 remitimos 45 axendas con máis de 300 eventos.

BOLETÍN

O renovado Boletín da COMG, de periodicidade mensual, é froito da nosa aposta por reforzar a comunicación e garantir así o acceso fácil e directo dos nosos socios á máxima e máis actual información relacionada coa nosa actividade e co sector.

Ao longo de 2016 difundimos un total de 11 boletíns que sumaron 75 novas. Nelas demos conta detallada do noso labor e dos seus resultados, así como de todas as novidades con repercusión no noso sector.

SERVIZO DE ALERTA INDIVIDUALIZADA E CIRCULARES

A maiores, e de xeito puntual, emitimos circulares, dirixidas aos membros, sobre a normativa, eventos ou accións que pola súa relevancia ou especial afección consideramos que deben ser recibidas de xeito inmediato. Emitimos un total de 54 circulares en 2016.

Ademais, de xeito individual alertamos aos nosos membros daquelas novidades que lles podan afectar directamente.

20/04/2016

ELEVACIÓN PARA A SÚA APROBACIÓN DO NOVO REGULAMENTO PARA O RÉXIME INTERIOR DA COMG. Dirección Xeral de Enerxía e Minas (Consellería de Economía, Emprego e Industria) e Subdirección Xeral de Recursos Minerais (Consellería de Economía, Emprego e Industria).

21/06/2016

SUBDIRECCIÓN GENERAL DE IMPUESTOS PATRIMONIALES, TASAS Y PRECIOS PÚBLICOS. SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA. D. José Javier Pérez-Fadón

XESTIÓN DA TRAZABILIDADE DE EXPLOSIVOS

A Cámara Oficial Mineira de Galicia ofrécelles aos seus membros o uso da ferramenta de xestión da trazabilidade de explosivos ATRAZEX en condicións vantaxosas. A iniciativa naceu da Asociación Galega de Áridos (ARIGAL), cuxos técnicos e empresas membro crearon e desenvolveron a ferramenta, para o cumprimento das ordes PRE/1263/2009, e PRE/2035/2012, que traspoñen as directivas europeas sobre a trazabilidade dos explosivos. A iniciativa materializouse coa sinatura dun acordo, o 13 de abril, entre as dúas entidades.

Este proxecto, ademais dos obxectivos iniciais de xestión documental e da trazabilidade, conquisou unha harmonización e homoxeneización de trámites relativos ao consumo de explosivo, así como un forte impulso da tramitación electrónica, eliminando boa parte do erro humano, e tempos non produtivos.

Trátase dunha nova aposta da Cámara pola mellora dos servizos aos seus membros, ao tempo que un apoio explícito a un proxecto innovador, creado por empresas e entidades 100% galegas, a prol do sector mineiro.




Momento da firma do convenio entre a Cámara e Arigal.

20/07/2016

INFORME DE CONTAS 2015 E ORZAMENTO 2016. Consello de Contas.

26/10/2016

REUNIÓN COA SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA. CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INNOVACIÓN – SUBDIRECCIÓN COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA. D.ª Lourdes Ledo, D.ª Inmaculada Estévez.





CÁMARA OFICIAL
MINEIRA DE GALICIA

Co apoio de



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
EMPREGO E INDUSTRIA